



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL URXENTE DO 21 DE SETEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00042116S

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. EMPREGO. Referencia: 2021/41772Q.

Aprobación das bases para a selección do alumnado traballador/a e persoal director e docente do obradoiro dual de emprego “CREAS IV”.

Apróbanse as bases para a selección do alumnado traballador e persoal directivo e docente para o “Obradoiro dual de emprego Creas IV do concello de Santiago de Compostela”.

O obradoiro de emprego dual “CREAS IV” é un programa programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social que posibiliten alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo, e promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- Repoblacións forestais e tratamentos selvícolas
- Confección e publicación de páxinas web

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Rexeneración e mantemento dos montes das contornas de Santiago de Compostela.
- 2.- Páxina web “Parque agrario de Santiago”.

O obradoiro terá unha duración de 19 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as.

O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestre de Confección e publicación de páxinas web (xornada completa)
- 1 mestre de Repoblacións forestais y tratamientos selvícolas (xornada completa)
- 1 mestre de formación complementaria (xornada completa).

3. COMERCIO. Referencia: 2021/00033597Y.

Convenio entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas e establecementos hostaleiros do Concello de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela.

Tómase conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas e establecementos hostaleiros do Concello de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela.

4. COMERCIO. Referencia: 2021/00035362T.

Resolución do procedemento incoado de perda do dereito ao cobro total ou parcial de subvención concedida ao abeiro da convocatoria de axudas ao rescate do comercio local afectado pola COVID-19, ANUALIDADE 2020.

Acórdase atender as alegacións formuladas por cinco das persoas interesadas; e rexeitar as alegacións formuladas por outras catro persoas.

Tamén se acordou a perda do dereito ao cobro total da subvención concedida, ao abeiro da convocatoria desta axudas, de nove solicitantes por incumprimento dalgún dos requisitos especificados nas bases; e a perda do dereito ao cobro parcial da subvención doutros nove solicitantes por xustificación insuficiente.

Por outra banda, acordouse a procedencia da toma de razón en contabilidade das baixas en contas do exercicio 2020, totalizadas en 26.249,54 euros.

E por último acordouse a notificación deste acordo ás persoas interesadas.

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022322R.

Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e o Ateneo de Santiago para o ano 2021.

Dase conta da sinatura do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e o Ateneo de Santiago, por importe de 20.000 euros.